

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES/AS EN LINGUA GALEGA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

### REUNIDOS

**Don José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

**Don Cesáreo Sánchez Iglesias**, con DNI 35810128, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, con CIF G15039936, e domiciliado na avenida Alfonso Molina, edificio de sindicatos, 8.º andar da Coruña, que actúa en nome e representación desta entidade segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

### EXPOÑEN

- Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.
- Que no ámbito da Administración Autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as



competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Que para este efecto, para poder actuar en todos os ámbitos sociais debe colaborar na medida do posible coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que a Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (en adiante a AELG) é unha entidade sen ánimo de lucro, que representa a un importante colectivo no ámbito cultural galego xa que está integrada por mais de 400 escritores e escritoras en lingua galega. Entre os seus fins figuran os de promover a lingua e literatura galegas, así como a difusión e proxección da lingua e da literatura propias de Galicia.
- Que ambas as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega (en adiante PNL) que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.
- Que AELG presentou na Secretaría Xeral da Lingua un proxecto que consiste en difundir e promover as obras dos escritores e escritoras en lingua galega e, achegar as súas obras a todos os colectivos sociais de Galicia e do exterior.
- Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a AELG son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións galegas na consecución dun interese e un obxectivo común que é o de promover e fomentar o uso da lingua e da literatura galegas. Nesta liña, dende hai anos, as dúas entidades



colaboran mediante a sinatura de convenios de colaboración e, manifestan a súa vontade de manter esta colaboración durante o ano 2025.

- Que a finalidade da AELG é revitalizar e promocionar as obras literarias escritas en lingua galega e aos seus autores/as poñendo a información sobre a súa vida e obra a disposición de todas as persoas interesadas nela a través do seu Centro de Documentación. Esta asociación é o órgano máximo de representación dos escritores/as galegos/as e, figura entre os seus obxectivos defender, promover e difundir a lingua e a literatura galegas tanto na propia comunidade como no exterior e, en Galicia é a única destas características, polo que non resulta posible promover a concorrencia para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer las bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Asociación de Escritores/as en Lingua Galega para achegar as obras dos escritores e escritoras en lingua galega a todos os colectivos sociais de Galicia e do exterior.

As partes colaborarán na realización dunha serie de actividades para difundir e promover as obras escritas en galego e aos autores/as que escriben en galego, en aras de conseguir que a lingua galega acade unha etapa de máximo esplendor literario e o prestixio que lle corresponde.

### **Segunda. Obrigas da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega**



Mediante a sinatura deste convenio a AELG, comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

- XI Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil. Ciclo de conferencias na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo no campus de Ourense.
- Conferencias Literatura Infantil e Xuvenil, como continuación do Curso de Formación. Os camiños nas narrativas literarias e artísticas da Literatura Infantil e Xuvenil
- VIII Xornadas de literatura infantil e xuvenil e animación á lectura na Facultade de CC da Educación da UDC.
- Encontro literario dun autor/a de LIX co alumnado da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo.
- Encontros literarios con autoras e autores en lingua galega.
- Supervisión dos contidos achegados por socios/as a través da ferramenta de actualización de contidos "Espazo privado de Socios/as". Dixitalización e/ou subida ao Centro de Documentación doutro tipo de documentación achegada.

Así mesmo a AELG encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

### **Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades**

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente



addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución

#### **Cuarta. Asesoramento lingüístico**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, á AELG o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

#### **Quinta. Financiamento**

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **8.757,87 €**, importe que será sufragado coa seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación segunda cunha achega de **8.000,00 €**, cantidade na que se inclúen todos os impostos con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.



- A AELG colaborará coa cantidade restante de **757,87€**.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No anexo I desagrégase a cantidade total do convenio.

As dúas partes convenientes compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

### **Sexta. Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

A achega da Consellería destinarase a satisfacer os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades que se reflicten na estipulación segunda deste convenio que teñen como finalidade abrir unha vía que posibilite o intercambio cultural non só a nivel europeo, senón para xentes de toda as partes do mundo especialmente para os lectorados e universidades de fóra, e tamén, dar a coñecer e impulsar a nova xeración de escritores contemporáneos en galego nos distintos xéneros literarios.

Para percibir a cantidade que achega, a AELG presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse coas correspondentes facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.



- No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.
- No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.



A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A AELG de facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións fiscalización e control.

### **Sétima. Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

### **Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do.



Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Novena. Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

### **Décima. Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

### **Décimo primeira. Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua nomeados polo seu titular e dous representantes do AELG. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios.

### **Décimo segunda. Causas de resolución**

Este convenio resolverase:



- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

### **Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo cuarta. Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

### **Décimo quinta. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados e as empregadas das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder



a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo sétima. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 151, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan



para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude  José Carlos López Campos	O presidente da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega  Cesáreo Sánchez Iglesias
--	---



**ANEXO I**
**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO  
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/actividades do convenio	
1. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: XI Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil. Ciclo de conferencias na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo no campus de Ourense	
Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1. Conferencias	900,00 euros
2. Gastos de persoal	607,24 euros
TOTAL PARCIAL	1507,24 euros
2. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Conferencias Literatura Infantil e Xuvenil, como continuación dos Curso de Formación. Os camiños nas narrativas literarias e artísticas da Literatura Infantil e Xuvenil	
Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1. Conferencias, encontros, presentación de conferencias	760,00 euros
2. Gastos de persoal	455,42 euros
TOTAL PARCIAL	1215,42 euros
3. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: VIII Xornadas de literatura infantil e xuvenil e animación á lectura na Facultade de CC da Educación da UDC	
Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1. Obradoiro-coloquio	540,00 euros
2. Gastos de persoal	449,41 euros
TOTAL PARCIAL	989,41 euros
4. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Encontro literario dun autor/a de LIX co alumnado da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo	
Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1. Encontro con autor/a conferencia	180,00 euros
TOTAL PARCIAL	180,00 euros
5. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Encontros literarios con autoras e autores en lingua galega	



Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1. Encontros literarios	1.200, 00 euros
2. Gastos de persoal	365,80 euros
TOTAL PARCIAL	1565,80 euros
6. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Supervisión dos contidos achegados por socios/as a través da ferramenta de actualización de contidos "Espazo privado de Socios/as". Dixitalización e/ou subida ao Centro de Documentación doutro tipo de documentación achegada	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Supervisión de contidos e dixitalización	3.300,00 euros
TOTAL PARCIAL	3.300,00 euros
TOTAL	8.757,87 euros



**ANEXO II**

(Para cubrir pola entidade)

**FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO**

Convenio/Título:

Entidade:

<b>N.º proxectos, accións e actividades</b>	<b>Localidades</b>	<b>N.º de persoas destinatarias, beneficiarias</b>	<b>Homes (%)</b>	<b>Mulleres (%)</b>
<b>TOTAL</b>				

